



## *Evernia prunastri* (L.) Ach.

Común en Galicia e de ampla distribución nas zonas húmidas, é rara nas zonas alteradas. Medra preferentemente nos troncos e polas das árbores (fotos 1, 2, 3), rara nas rochas.

Talo fruticuloso, hasta 10 cm pero polo xeral de menor tamaño, formado por ramas ou lacíneas planas, cara superior de cor verde-amarelenta (fotos 1, 2) e verde cando está hidratada (foto 3), a cara inferior é branca (foto 2).

As ramas miden entre 1,5-4 mm de ancho, a ramificación é irregular ou dicótoma (foto 3). Á cara superior está lixeiramente acostelada. Os sorais, cando os presenta, son marxinais e irregulares (foto 4), semellan roturas nos bordes. Raramente fértil.

**Fotobionte:** alga verde tipo clorococcoide.

**Reaccións:** talo, nas dúas caras K<sup>+</sup> amarelo.